



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

José Antonio Pereira Gil, Alcalde do concello da Baña, na data da sinatura dixital, en presenza do secretario de dito concello, emito o seguinte decreto:

Asunto: APROBACIÓN DA LISTA DEFINITIVA DE ASPIRANTES ADMITIDOS E EXCLUÍDOS E NOMEAMENTO DO TRIBUNAL PARA A PROVISIÓN URXENTE, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, DUN OFICIAL 2ª DE OBRA COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL POR UN PERIODO DE SETE MESES E 5 DÍAS.

Expte. TEDEC: 2024/X999/000029 (Emprego).

Expte. TEDEC: 2024/G003/000238 (Decreto).

Vista a necesidade de adoptar unha resolución sobre o procedemento a que se refire este decreto en aras dos principios de eficacia e celeridade administrativa recollidos na Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

Visto que o artigo 20.cinco da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, prorrogada para o ano 2024, establece que “Non se poderá contratar persoal temporal, nin realizar nomeamentos de persoal estatutario temporal e de funcionarios interinos agás en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables.”

Visto que en data 15 de marzo de 2024 se dita providencia de inicio do presente expediente de selección de persoal onde se indica que “nestes momentos por necesidades do servizo público o Concello precisa dotarse de un oficial 2ª con relación de carácter laboral temporal ao abeiro do Plan de Emprego Local (PEL-CONCELLOS 2024), durante un período de sete meses e 5 días.

Visto que as tarefas desempeñadas polo persoal encadrado na categoría obxecto do presente proceso selectivo resultan esenciais para o correcto funcionamento dos servizos públicos do Concello da Baña.

Vista a necesidade de dotar ao Concello da Baña de mecanismos de xestión de recursos humanos para resolver as ausencias prolongadas do seu persoal ao non dispor esta entidade de persoal que poida atenuar as posibles baixas, permisos, etc do persoal ao seu servizo.

Visto que con data 27 de outubro de 2023, publícanse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 206 as bases reguladoras do Programa de axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais nos concellos da provincia (liña 1.1. PEL-CONCELLOS 2024) aprobadas mediante Resolución de Presidencia nº 2023/ 39894, do 23 de outubro de 2023.

Visto que con data 30 de novembro de 2023, publícase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 229 o Extracto da Resolución número 2023/9384, de novembro de 2023, da Presidencia da Deputación da Coruña, pola que se aproba a convocatoria do Programa de axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais nos concellos da provincia (liña 1.1. PEL-CONCELLOS 2023).



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

Visto que con data 15 de decembro de 2023, o concello da Baña acepta as referidas bases e solicita unha subvención por importe de 31.000,00€ no Decreto de Alcaldía 671/2023.

Visto que con data 26 de febreiro de 2024, publícase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 40 a Resolución número 2024/1280, do 22 de febreiro, pola que se aproba a concesión das axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais nos concellos da provincia da Coruña durante o exercicio 2024 (PEL-CONCELLOS).

Visto que en dita Resolución se lle concede ao Concello da Baña unha subvención por importe de 31.000,00€.

Vistas as bases reguladoras do proceso selectivo para a provisión urxente, polo sistema de concurso-oposición, dun oficial 2ª de obras como persoal laboral temporal por un período de 7 meses e 5 días, no concello da Baña.

Visto que ditas bases e convocatoria foron publicadas na páxina web, taboleiro de anuncios e portal da transparencia deste Concello así como no Boletín Oficial da Provincia da Coruña o 1 de abril de 2024 (BOP núm. 63), iniciándose un prazo de dez días hábiles para a presentación de solicitudes para formar parte do proceso selectivo.

Visto que en data 16/04/2024, dítase Resolución de Alcaldía con número de Decreto 217/2024, mediante o que se aproba a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos da bolsa obxecto do presente expediente.

Visto que dita resolución de Alcaldía foi publicado conforme ó disposto nas bases reguladoras do procedemento de selección de persoal na sede electrónica municipal, no portal de transparencia e na páxina web do Concello da Baña en data 17/04/2023, outorgándolle ós aspirantes un prazo de 10 días, de conformidade co previsto no art. 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común, no que poderán corrixir os defectos que se alude no referido artigo e formular as reclamacións á lista provisional.

Visto que no referido prazo non se presentaron alegacións.

Visto que segundo a base número 4 das bases reguladoras da convocatoria da bolsa de emprego para cubrir unha praza de peón de obras do concello da Baña (A Coruña), no suposto de existir reclamacións, estas serán aceptadas ou rexeitadas na mesma resolución pola que se aprobe a lista definitiva de admitidos e excluídos e a composición do Tribunal e a data, lugar e hora de realización da fase de oposición. Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web municipal e no portal de transparencia do concello da Baña (dentro da sede electrónica municipal): https://sede.concellodabana.gal/opencms/es/portal_transparencia/.

Visto que unha vez realizados os trámites anteriores, na seguinte táboa recóllense as persoas admitidas no presente proceso selectivo:



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

SOLICITANTE	REXISTRO E ENTRADA	PUESTO	Inscrito no Servizo Público de Emprego	CELGA
S.R.V.B DNI ****383**	202400000000349 ///20240000000035 4 05/04/2024 08/04/2024	OFICIAL 2º	SI	NO
F.C.J.M DNI ****219**	202400000000344 05/04/2024	OFICIAL 2º	SI	NO
S.S.C DNI ****184**	202400000000259 02/04/2024	OFICIAL 2º	SI	SI
O.L.E DNI ****499**	202400000000367 10/04/2024	OFICIAL 2º	SI	SI

Visto que se non se presentasen reclamacións á lista provisional considerarase esta definitiva.

Vista a base número 6 mediante a que se determina, entre outros, os requisitos para a composición do Tribunal Cualificador, que será nomeado por Decreto de Alcaldía. Dito Tribunal e estará composto polos seguintes membros, de conformidade co disposto no art. 60 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público:

- **Presidenta:** Manuela Sofía Abelenda Antelo, Técnico de Xestión do Concello da Baña.
Presidente suplente: Marcos Pérez Lourido, Técnico de Cultura do Concello de Negreira.
- **Secretaria:** Vera Lucia Antelo Suarez, Auxiliar administrativa do Concello da Baña.
Secretaria suplente: Rocio Caamaño Gerpe, Auxiliar administrativa do Concello da Baña.
- **Vogais:**
 - a) Fernando Martínez Méndez, Subalterno do Concello da Baña.
- Suplente: Manuel Fernández Méndez, Coordinador de Xuventude do Concello de Santiago.
 - b) Argimiro Rey Feranández, Oficial 1ª de obras do Concello de Santa Comba.
- Suplente: Elba Pereira Castelo, Administrativo Concello de Vilalba.
 - c) Cristina Tome Manteiga, Oficial 1ª de obras do Concello de Negreira.
- Suplente: Mª José Lama Villares, Administrativo Concello de Vilalba.
- **Asesor Técnico:** Ricardo Torreira Pensado, Tractorista do Concello da Baña.
- **Asesora técnica lingüística:** Carmen Pereiro Felípez, normalizadora lingüística do Concello de Carballo

Visto que a tales efectos, considérase que a constitución do tribunal se realizará o vindeiro mércores 8 de maio ás 9:00 horas.

Visto que a base quinta establece que o Tribunal reunirse con carácter previo á celebración do primeiro exercicio, para valorar os méritos da fase de concurso e que a resolución resultante desta valoración conterà para cada aspirante a puntuación global obtida na fase de



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

concurso.

Visto que a data da fase de oposición considérase que se realizará o vindeiro 8 de maio a partires das 10:30 horas na finca municipal de Rúa Tedelle, s/n 15863 do Concello da Baña. Esta concreción da data, lugar e hora deberá ser publicada segundo se establece nas bases reguladoras da convocatoria deste proceso selectivo.

De acordo coas atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e na aplicación do art.10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro do réxime xurídico do sector público. Resolvo:

Primeiro.- Avoca-la competencia unicamente para resolver os asuntos a que se refire este Decreto, que fora delegada por decreto de Alcaldía número 410/2023 de 19/07/2023, na Xunta de Goberno Local.

Segundo.- Aprobar a lista definitiva dos aspirantes admitidos constatando a inexistencia de aspirantes excluídos.

SOLICITANTE	REGISTRO E ENTRADA	PUESTO	Inscrito no Servizo Público de Emprego	CELGA
S.R.V.B DNI ****383**	202400000000349 ///20240000000035 4 05/04/2024 08/04/2024	OFICIAL 2º	SI	NO
F.C.J.M DNI ****219**	202400000000344 05/04/2024	OFICIAL 2º	SI	NO
S.S.C DNI ****184**	202400000000259 02/04/2024	OFICIAL 2º	SI	SI
O.L.E DNI ****499**	202400000000367 10/04/2024	OFICIAL 2º	SI	SI

Terceiro.- Determinar a inexistencia de aspirantes excluídos.

Cuarto.- Aprobar a composición do tribunal cualificador e nomear ás seguintes persoas:

- **Presidente:** Manuela Sofía Abelenda Antelo, Técnico de Xestión do Concello da Baña.
-Presidente suplente: Marcos Pérez Lourido, Técnico de Cultura do Concello de Negreira.
- **Secretaria:** Vera Lucia Antelo Suarez, Auxiliar administrativa do Concello da Baña.
- Secretaria suplente: Rocio Caamaño Gerpe, Auxiliar administrativa do Concello da Baña.
- **Vogais:**
 - a) Fernando Martínez Méndez, Subalterno do Concello da Baña.
- Suplente: Manuel Fernández Méndez, Coordinador de Xuventude do Concello de Santiago.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

- b) Argimiro rey Feranández, Oficial 1ª de obras do Concello de Santa Comba.
 - Suplente: Elba Pereira Castelo, Administrativo Concello de Vilalba.
- c) Cristina Tome Manteiga, Oficial 1ª de obras do Concello de Negreira.
 - Suplente: Mª José Lama Villares, Administrativo Concello de Vilalba.

- **Asesor Técnico:** Ricardo Torreira Pensado, Tractorista do Concello da Baña.
- **Asesora técnica lingüística:** Carmen Pereiro Felípez, normalizadora lingüística do Concello de Carballo

Quinto.- Acordar que a constitución do Tribunal Cualificador se realizará o vindeiro mercores 8 de maio ás 09:00 horas, na finca municipal de Rúa Tedelle, s/n 15863 do Concello da Baña .

Sexto.- Acordar que a data da fase de oposición realizarase o vindeiro mercores 8 de maio ás 10:30 horas, na finca municipal de Rúa Tedelle, s/n 15863 do Concello da Baña.

Sétimo.- - Publicar a lista definitiva de admitidos/as, a composición do tribunal e a data lugar e hora da constitución do tribunal e da convocatoria para a realización das probas da fase de oposición no Taboleiro de Anuncios do concello e na páxina web municipal e no portal de transparencia do Concello da Baña (dentro da sede electrónica municipal): https://sede.concellodabana.gal/opencms/es/portal_transparencia/.

Oitavo.- Dar traslado do presente acordo á Intervención para o seu coñecemento aos efectos oportunos e dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre.

Mándao e asíno o señor Alcalde, e ordena darlle traslado ó departamento correspondente para a súa incorporación ó expediente do que eu Secretario- interventor, Ricardo Garrido Caneda, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE